



## *Lepra amara* (Ach.) Hafellner

Coñecido tamén como *Pertusaria amara* (Ach.) Ryl. Atópámolo nas codias de diferentes especies de árbores, tanto frondosas (fotos 1, 2, 4) como coníferas (foto 3). É unha especie abundosa e frecuente en Galiza e en toda a zona holártica.

Talo crustáceo, forma desde pequenas a grandes manchas de cor gris clara (foto 4) ou abrancazada (fotos 1, 3), ás veces debilmente zonado na marxe (foto 2). Ten numerosos sorais circulares brancos, planos ou convexos de 0,3-1 mm de ancho. Fácil de reconecer por ter sabor amargo, isto o podemos comprobar pasando o dedo por riba do talo e levándoo á punta da lingua. Raramente con apotecios.

**Fotobionte:** alga verde.

**Reaccións:** A reacción característica é na médula e nos sorais que dan K<sup>+</sup>C + púrpura violáceo.